

A Chave

Os nomes galegos dos cogumelos

2018
2ª ed.



Citación recomendada / Recommended citation:

A Chave (2018²): *Nomes galegos dos cogumelos recomendados pola Chave*.
http://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdos_cogumelos_2018.pdf

Fotografía: Piero Perrone.

Notas introdutorias

O que contén este documento

Neste documento fornécense denominacións sobre todo para **especies de cogumelos galegas (e) ou europeas**, aínda que tamén **para algunha das especies exóticas máis coñecidas** (xeralmente por causa do seu interese culinario ou industrial, ou por seren moi comúns noutras áreas xeográficas). En total, **máis de 300 especies de cogumelos** para as que se achega o nome galego.

A estrutura

En primeiro lugar preséntase unha **clasificación taxonómica** que considera as clases, ordes e familias de cogumelos, onde se apunta, **de maneira xeral, os nomes das especies** que hai en cada familia.

A seguir vén **o corpo do documento**, onde se indica, **de maneira precisa, alén do nome científico, os nomes galegos e ingleses das especies de cogumelos**.

Ao final inclúese unha listaxe de **referencias bibliográficas** que foron utilizadas para a elaboración do presente documento. Nalgunhas desas referencias recóllense ou propóñense nomes galegos para os cogumelos, quer xenéricos quer específicos. Outras referencias achegan nomes para os cogumelos noutras linguas, que tamén foron tidos en conta. Alén diso, inclúense algunhas referencias básicas a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

Cogumelo ou cogomelo?

Tanto **cogumelo** coma **cogomelo** son os dous termos galegos e correctos. En galego úsase calquera un, **cogumelo** ou **cogomelo**, indistintamente (e tamén outras formas menos frecuentes, como **cugumelo**, **cucumelo** e **cocumelo**). Na Chave dámoslle preferencia a **cogumelo**, por quedar así máis harmonizado co portugués, un criterio que favorece a aceptación e incorporación da terminoloxía por parte de moitos usuarios/as da lingua.

Tratamento terminolóxico

Para a elaboración do presente léxicon, procurouse en primeiro lugar **no acervo lexicográfico galego**. Existen en galego unha montoeira de nomes para as especies de cogumelos en boa medida descoñecidos na tradición lexicográfica, se cadra por a cultura cogumeleira se ter desenvolvido en poucas zonas (máis no oriente galego, e de modo destacado en toda a área de Valdeorras). Moitos son nomes xenéricos, como **choupíns, netorras, pantorras, champiñóns, esterqueiros, andoas, madeirudos, peidos de lobo, puchos, funís, cuncos, ciros, tortullos, alborelles, leitaregos ou leiteiros, orellas, orellóns, cerrotas, feixós, trufas, limagos** etc., mais hai tamén moitos nomes específicos, como **rebentaboís, inchaboís ou brincaboís** para *Amanita muscaria*, **raíña** ou **cogumelo dos césares** para *Amanita caesarea*, **figado de boi** para *Fistulina hepatica*, **lingua de vaca** para *Hydnum repandum*, **carallán** ou **carallo do demo** para *Phallus impudicus*, **francesiña** para *Amanita citrina*, **sendeiriña** para *Marasmius oreades*, **carneira** para *Lactarius sanguifluus*, **fungo da muña** para *Lactarius deliciosus*, **orellanzo** para *Helvella lacunosa*, **alferga** para *Helvella leucomelaena*, **cerviña** ou **chapeu de cervo** para *Pluteus cervinus*, **cantarela** ou **cacafina** -entre outros- para *Cantharellus cibarius* etc.

Tamén en publicacións especializadas galegas téñense feito propostas para a denominación dalgunhas especies de cogumelos, como **netorra umbonada** para *Russula caerulea*, **foliota dos piñeiros** para *Gymnopilus spectabilis*, **carallo de ovo rosa** para *Phallus hadriani*, **amanita de pé curto** para *Amanita curtipes*, **andoa de pé vermello** ou **madeirudo de pé vermello** para *Boletus erythropus*, entre outros. Todos estes nomes inclúense así mesmo no presente léxicon.

Para especies relativamente coñecidas, cando menos nos ámbitos divulgativos, téñense aplicado as mesmas denominacións que, coincidentes, se usan **en diversos idiomas**. Así, por exemplo, **orella de Xudas** para *Auricularia auricula-judae*, **cogumelo dos cabaleiros** para *Tricholoma equestre*, **rosa de Xericó** para *Selaginella lepidophylla*, **cogumelo de san Xorxe** ou **cogumelo de san Xurxo** para *Calocybe gambosa*, **boleto satanás** ou **boleto diabólico** para *Boletus satanas*, **nameko** para *Pholiota nameko* etc., que noutros idiomas teñen estes mesmos nomes ou modificadores.

Un outro recurso que se ten usado en galego é recorrer aos **nomes científicos, en latín**, de modo paralelo ás denominacións desas especies noutras linguas. Deste xeito, nomes xenéricos como os das **clavarias** (do xénero latino *Clavaria*), os **políporos** (do xénero latino *Polyporus*), os **pleurotos** (do xénero latino *Pleurotus*), ou as **lacarias** (do xénero latino *Laccaria*), por exemplo. De modo semellante, algúns modificadores de nomes específicos foron tomados do nome científico, como **orella de lebre** para *Otidea leporina*, **cunco baio** para *Peziza badia*, **funil xigante** para *Leucopaxillus giganteus*, **carallo de Ravenel** para *Phallus ravenelii*, **antuca pura** para *Mycena pura* etc.

Por outro lado desbotouse algún **castelanismo**, como **niscallo* (ou **nízcalo*), usado ás veces para *Lactarius deliciosus* e *Lactarius sanguifluus* (do castelán *niscallo* e *nízcalo*), que teñen as denominacións propiamente galegas de **fungo da muña** e **carneira**, respectivamente.

Máis dun nome para unha especie

Algúns cogumelos dos máis populares teñen varios nomes vernáculos galegos, que foron usados na lingua durante séculos. Outras especies, se cadra non tan coñecidas ou identificadas na cultura popular, teñen recibido diversas denominacións na bibliografía micolóxica galega. Para alén diso, nomes usados en case todas as linguas para cogumelos bastante coñecidos adoptáronse en galego como sinónimos de modo semellante. Por todos estes motivos, ás veces hai máis dun nome galego para unha especie: **tortullo amarelo**, **tortullo dos cabaleiros** ou **cogumelo dos cabaleiros**, por exemplo, para *Tricholoma equestre*, ou **cacaforra da morte**, **amanita da morte**, **pan do demo** e **pan da morte**, por exemplo, para *Amanita phalloides*.

Todos os nomes achegados neste documento son correctos, pódese usar calquera deles. Recoméndase, porén, o primeiro nome como **preferente**; o seguinte –ou seguintes– aparecen marcados coa abreviatura **sin.**, que indica que son **sinónimos** do primeiro nome, que sería o principal de acordo cos criterios da Chave. Nos exemplos dados, os preferentes serían respectivamente **tortullo amarelo** e **cacaforra da morte**, aínda que calquera deles é válido, e dependería do contexto e do criterio de cada persoa usar un ou outro nome, ou facer referencia a máis dun deles.

Agradecemento

O equipo da Chave quere expresar o seu **agradecemento** a **todas as persoas** que a través da sección contacta do sitio web enviaron **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puír ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levan a unha nova edición do documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esa retroalimentación positiva e construtiva.

Reino: Fungos (Fungi)

División: **Ascomicetes** (ou **Ascomicetos**) (Ascomycota)

Clase: Eurotiomicetes (ou **Eurotiomicetos**) (**Eurotiomycetes**)

Orde: **Eurotiais** (Eurotiales)

Familia: **Elafomicetáceas** (Elaphomycetaceae) : **trufa de cervo**

Clase: Pezizomicetes (ou **Pezizomicetos**) (**Pezizomycetes**)

Orde: **Pezizais** (Pezizales)

Familia: **Pezizáceas** (Pezizaceae) : **cuncos**

Familia: **Sarcoscifáceas** (Sarcoscyphaceae) : **cunco vermello**

Familia: **Pironematáceas** (Pyronemataceae) : **cuncos, orellas**

Familia: **Helveláceas** (Helvellaceae) : **orella de abade, orellanzo, orellóns, alferga**

Familia: **Discináceas** (Discinaceae) : **falsa pantorra**

Familia: **Morqueláceas** (Morchellaceae) : **pantorras**

Familia: **Tuberáceas** (Tuberaceae) : **trufas**

División: **Basidiomicetes** (ou **Basidiomicetos**) (Basidiomycota)

Clase: **Agaricomycetes** (ou **Agaricomycetos**) (**Agaricomycetes**)

Orde: **Boletales** (Boletales)

Familia: **Boletaceae** (Boletaceae) : madeirudos, andoas, boleto satanás

Familia: **Sclerodermataceae** (Sclerodermataceae) : bombas, feixó do demo

Familia: **Higrophoropsidaceae** (Higrophoropsidaceae) : falsa cantarela

Familia: **Gomphidiaceae** (Gomphidiaceae) : choupín babuxa

Familia: **Rhizopogonaceae** (Rhizopogonaceae) : feixós

Familia: **Paxillaceae** (Paxillaceae) : orellagachas

Orde: **Agaricales** (Agaricales)

Familia: **Tricholomataceae** (Tricholomataceae) : aborrallado, cheirumes, cravo dos piñeiros, pé azul, funís, fol de xofre, tortullos, peles de rato

Familia: **Psathyrellaceae** (Psathyrellaceae) : cogumelo chorón

Familia: **Lyophyllaceae** (Lyophyllaceae) : tortullo apiñado, cogumelo das netorras, cogumelo de san Xorxe

Familia: **Agaricaceae** (Agaricaceae) : agárlicos, bólas de neve, champiñóns, choupíns, cogordón, cogordo, roquiño, cabeludo, falso cabeludo, pega, puchos

Familia: **Bolbitiaceae** (Bolbitiaceae) : esterqueiros

Familia: **Higrophoraceae** (Higrophoraceae) : carapuchiños, limagos

Familia: **Mycenaceae** (Mycenaceae) : antucas

Familia: **Strophariaceae** (Strophariaceae) : meniña, panasca, cogumelo dos choupos, fungo xesta, foliotas, nameko, cogumelo dos amieiros, cogumelo do carbón

Familia: **Crepidotaceae** (Crepidotaceae) : conchiñas

Familia: **Hydnangiaceae** (Hydnangiaceae) : lacarias, oviño dos eucaliptos

Familia: **Cortinariaceae** (Cortinariaceae) : arañeiras

Familia: **Marasmiaceae** (Marasmiaceae) : sendeiríña, falsa sendeiríña, antuquiñas, cogumelo vagalume, fuso dos castiñeiros

Familia: **Amanitaceae** (Amanitaceae) : amanitas (ou cacaforras), raíña, rebentabois, francesiña, ovo de pega

Familia: **Entolomataceae** (Entolomataceae) : fariñeira, falso limago roxo, pé averdecado

Familia: **Fisalacriáceas** (Physalacriaceae) : fungo do mel

Familia: **Fistulináceas** (Fistulinaceae) : fígado de boi

Familia: **Pluteáceas** (Pluteaceae) : cerviña, chapeus de cervo

Familia: **Pleurotáceas** (Pleurotaceae) : pleurotos (ou ostras)

Familia: **Licoperdáceas** (Lycoperdaceae) : peidos de lobo, bomba, ovos

Familia: **Nidulariáceas** (Nidulariaceae) : niñais

Familia: **Bankeráceas** (Bankeraceae) : linguas

Orde: **Rusulais** (Russulales)

Familia: **Rusuláceas** (Russulaceae) : netorras, leitaregos, carneira, falsa carneira, fungo da muña, falso fungo da muña, pimenteiros

Familia: **Hericiáceas** (Hericiaceae) : ourizo da madeira

Familia: **Albatreláceas** (Albatrellaceae) : pezuño

Orde: **Cantarelais** (Cantharellales)

Familia: **Cantareláceas** (Cantharellaceae) : cantarelas, trompetas

Familia: **Clavulináceas** (Clavulinaceae) : ciros

Familia: **Hidnáceas** (Hydnaceae) : linguas de vaca

Orde: **Poliporais** (Polyporales)

Familia: **Poliporáceas** (Polyporaceae) : caripocha, alborelles, carne de pita, coiracho, políporos, pé de cabra

Familia: **Ganodermatáceas** (Ganodermataceae) : paipa, carrochas

Familia: **Meripiláceas** (Meripilaceae) : mai-take, caripocha xigante

Familia: **Esparasidáceas** (Sparassidaceae) : couveflor do monte

Familia: **Fomitopsidáceas** (Fomitopsidaceae) : carrocha dos bidueiros, fungo labirinto

Orde: **Himenoquetais** (Hymenochaetales)

Familia: **Himenoquetáceas** (Hymenochaetaceae) : iscas, cancros

Orde: **Falais** (Phallales)

Familia: **Faláceas** (Phallaceae) : carallán, carallete, carallos, ovo das meigas

Orde: **Gonfais** (Gomphales)

Familia: **Gonfáceas** (Gomphaceae) : clavarias, galludiñas

Orde: **Xeastrais** (Geastrales)

Familia: **Xeastráceas** (Geastraceae) : estrelas

Orde: **Auriculariais** (Auriculariales)

Familia: **Auriculariáceas** (Auriculariaceae) : orella de Xudas, baxola

Clase: Exobasidiomicetes (ou Exobasidiomicetos) (Exobasidiomycetes)

Orde: **Exobasidiaais** (Exobasidiales)

Familia: **Exobasidiáceas** (Exobasidiaceae) : cogumelo dos loureiros

Reino: (incerto)

Sen taxon: Amebozoos (Amoebozoa)

Clase: Mixogastros (Myxogastria)

Orde: Liceais (Liceales)

Familia: Tubiferaíceas (Tubiferaceae) : verruguenta

Reino: Fungos (Fungi)

División: **Ascomicetes** (ou **Ascomicetos**) (Ascomycota)

Clase: **Eurotiomicetes** (ou **Eurotiomicetos**) (Eurotiomycetes)

Orde: **Eurotiais** (Eurotiales)

Familia: Elafomicetáceas (Elaphomycetaceae) : trufa de cervo		
<i>Elaphomyces granulatus</i> (= <i>Elaphomyces cervinus</i>)	trufa de cervo	false truffle

Clase: **Pezizomicetes** (ou **Pezizomicetos**) (Pezizomycetes)

Orde: **Pezizais** (Pezizales)

Familia: Pezizáceas (Pezizaceae) : cuncos		
<i>Peziza badia</i>	cunco baio	bay cup
<i>Peziza cerea</i>	cunco de cera	cellar cup

Familia: Sarcoscifáceas (Sarcoscyphaceae) : cunco vermello		
<i>Sarcoscypha coccinea</i>	cunco vermello	scarlet cup

Familia: Pironematáceas (Pyronemataceae) : cuncos, orellas		
<i>Aleuria aurantia</i>	cunco laranxa	orange peel fungus
<i>Geopora arenicola</i>	cunco das areas	
<i>Geopora sumneriana</i>	cunco dos cedros	
<i>Otidea alutacea</i>	orella de lebre parda	
<i>Otidea cochleata</i> (= <i>Helvella sulcata</i>)	orella de porco	brown ear
<i>Otidea leporina</i>	orella de lebre	yellow ear yellow rabbit ears
<i>Otidea onotica</i>	orella de asno	hare's ear

Familia: Helveláceas (Helvellaceae) : orella de abade, orellanzo, orellóns, alferga		
<i>Helvella crispa</i>	orella de abade sin.: orella de gato sin.: orellón do inverno	white saddle (UK) elfin saddle common helvel
<i>Helvella lacunosa</i> (= <i>Helvella sulcata</i>)	orellanzo sin.: orellón do outono	elfin saddle (UK) slate grey saddle fluted back elfin saddle
<i>Helvella monachella</i> (= <i>Helvella leucopus</i>)	orellón da raña	palefoot saddle
<i>Helvella queleti</i> (= <i>Helvella solitaria</i>)	orellón das caleiras	
<i>Helvella leucomelaena</i>	alferga	white-footed elf cup

Familia: Discináceas (Discinaceae) : falsa pantorra		
<i>Gyromitra esculenta</i>	falsa pantorra sin.: pantorra falsa sin.: bonete	false morel turban fungus

Familia: Morqueláceas (Morchellaceae) : pantorras		
<i>Morchella</i> spp.	pantorras sin.: fungos da Coresma sin.: xirupatos	morels
<i>Morchella conica</i>	pantorra alongada	black morel
<i>Morchella esculenta</i> (= <i>Morchella rotunda</i>)	pantorra arredondada	yellow morel common morel morel
<i>Mitrophora hybrida</i> (= <i>Mitrophora semilibera</i>)	pantorra dedil	semifree morel

Familia: Tuberáceas (Tuberaceae) : trufas		
<i>Tuber</i> spp.	trufas	truffles
<i>Tuber aestivium</i>	trufa do verán var.: trufa do verao	summer truffle
<i>Tuber aestivium</i> var. <i>uncinatum</i>	trufa da Borgoña	Burgundy truffle
<i>Tuber brumale</i>	trufa do inverno sin.: trufa negra do inverno	winter truffle
<i>Tuber magnatum</i>	trufa branca sin.: trufa do Piemonte	winter truffle
<i>Tuber melanosporum</i>	trufa negra sin.: trufa de Périgod	Périgod truffle French black truffle
<i>Tuber rufum</i>	trufa avermellada	red truffle

División: **Basidiomicetes** (ou **Basidiomicetos**) (Basidiomycota)

Clase: **Agaricomycetes** (ou **Agaricomycetos**) (Agaricomycetes)

Orde: **Boletales** (Boletales)

Familia: Boletáceas (Boletaceae) : madeirudos, andoas, boleto satanáas		
<i>Boletus aestivalis</i> (= <i>Boletus reticulatus</i>)	madeirudo do verán var.: madeirudo do verao	summer bolete
<i>Boletus edulis</i>	madeirudo (ou madeirudo común) sin.: andoa común sin.: boleto bo	king bolete penny bun cep
<i>Boletus junquilleus</i>	madeirudo das sobreiras	
<i>Boletus luridus</i>	madeirudo das sogras	lurid bolete
<i>Boletus regius</i>	madeirudo rexio	royal bolete
<i>Tylopilus felleus</i> (= <i>Boletus felleus</i>)	madeirudo fel	bitter bolete
<i>Boletus aereus</i>	andoa moura sin.: boleto negro	
<i>Boletus calopus</i>	andoa margurenta	bitter beech bolete
<i>Boletus erythropus</i> (= <i>Boletus luridiformis</i>)	andoa de pé vermello sin.: madeirudo de pé vermello	scarletina bolete
<i>Boletus pinophilus</i> (= <i>Boletus pinicola</i>)	andoa dos piñeiros	pine bolete
<i>Boletus radicans</i> (= <i>Caloboletus radicans</i>) (= <i>Boletus albidus</i>)	andoa abrancazada	rooting bolete whitish bolete
<i>Boletus strobilaceus</i>	andoa peluda	old man of the woods
<i>Chalciporus piperatus</i> (= <i>Boletus piperatus</i>)	andoa picante	peppery bolete
<i>Gyroporus ammophilus</i> (= <i>Gyroporus castaneus ammophilus</i>)	andoa das areas	
<i>Gyroporus castaneus</i> (= <i>Boletus castaneus</i>)	andoa acastañada	chestnut bolete
<i>Gyroporus cyanescens</i> (= <i>Boletus cyanescens</i>)	andoa azul	cornflower bolete

<i>Leccinum crocipodium</i>	andoa gretada	saffron bolete
<i>Leccinum lepidum</i>	andoa das aciñeiras	
<i>Leccinum rufum</i> (= <i>Leccinum aurianticum</i>)	andoa alaranxada	orange cap bolete
<i>Leccinum scabrum</i> (= <i>Boletus scaber</i>)	andoa da mosca sin.: á de mosca	brown birch bolete rough-stemed bolete scaber stalk
<i>Leccinum versipelle</i> (= <i>Boletus rufescens</i>)	andoa avermellada	orange birch bolete
<i>Suillus bovinus</i> (= <i>Boletus bovinus</i>)	andoa das vacas sin.: andoa miúda	bovine bolete
<i>Suillus flavidus</i>	andoa amarelada	
<i>Suillus granulatus</i> (= <i>Boletus circinatus</i>)	andoa de graos var.: andoa de grans	weeping bolete
<i>Suillus grevillei</i> (= <i>Boletus elegans</i>) (= <i>Suillus elegans</i>)	andoa elegante	Greville's bolete larch bolete
<i>Suillus luteus</i>	andoa de anel sin.: madeirudo de anel	sticky bun slippery jack
<i>Suillus queletii</i> (= <i>Boletus queletii</i>)	andoa de Quélet sin.: madeirudo de Quélet	deveicing bolete
<i>Xerocomus badius</i> (= <i>Boletus badius</i>)	andoa baia	bay bolete
<i>Xerocomus subtomentosus</i> (= <i>Boletus subtomentosus</i>)	andoa aveludada	suede bolete brown and yellow bolete boring brown bolete yellow-cracked bolete
<i>Boletus satanas</i>	boleto satanás sin.: boleto diabólico	devil's bolete

Familia: Esclerodermatáceas (Sclerodermataceae) : bombas, feixó do demo		
<i>Pisolithus arhizus</i> (= <i>Pisolithus tinctorius</i>)	bomba de tinguir sin.: pataca das meigas	dye ball horse dung fungus bohemian truffle
<i>Scleroderma verrucosum</i>	bomba con pé sin.: bufo de vella	scally earthball
<i>Scleroderma citrinum</i>	feixó do demo sin.: peido limoeiro	common earthball pigskin poison puffball

Familia: Higroforopsidáceas (Hygrophoropsidaceae) : falsa cantarela		
<i>Hygrophoropsis aurantiaca</i> (= <i>Clitocybe aurantiaca</i>)	falsa cantarela sin.: cantarela falsa	false chanterelle

Familia: Gonfidiáceas (Gomphidiaceae) : choupín babuxa		
<i>Chroogomphus rutilus</i> (= <i>Gomphidius viscidus</i>)	choupín babuxa	copper spike

Familia: Rizopogonáceas (Rhizopogonaceae) : feixós		
<i>Rhizopogon luteolus</i>	feixó (ou feixó común)	yellow false truffle
<i>Rhizopogon roseolus</i>	feixó roxo	blushing beard truffle

Familia: Paxiláceas (Paxillaceae) : orellagachas		
<i>Paxillus</i> spp.	orellagachas	rollrims
<i>Tapinella panuoides</i> (= <i>Paxillus panuoides</i>)	orellagacha de ostra	oyster rollrim
<i>Paxillus involutus</i>	orellagacha enrolada sin.: orellagacha dos castiñeiros	brown rollrim

Orde: Agaricais (Agaricales)

Familia: Tricolomatáceas (Tricholomataceae) : aborrallado, cheirumes, cravo dos piñeiros, pé azul, funís, fol de xofre, tortullos, peles de rato		
<i>Clitocybe nebularis</i> (= <i>Lepista nebularis</i>)	aborrallado sin.: cincenta	clouded funnel clouded agaric
<i>Clitocybe odora</i>	cheirume (ou cheirume común) sin.: choupin fiúncho sin.: anís do monte	aniseed funnel
<i>Clitocybe fragrans</i> (= <i>Clitocybe suaveolens</i>)	cheirume branco	fragrant funnel
<i>Clitocybe clavipes</i> (= <i>Clavicybe clavipes</i>) (= <i>Ampulloclitocybe clavipes</i>)	cravo dos piñeiros	club-footed clitocybe
<i>Lepista nuda</i>	pé azul sin.: azulenta	blewit wood blewit
<i>Lepista inversa</i> (= <i>Lepista flaccida</i>)	funil das carballeiras	tawny funnel
<i>Lepista panaeolus</i> (= <i>Lepista luscina</i>)	funil manchado	
<i>Leucopaxillus candidus</i>	funil dos lameiros	
<i>Leucopaxillus giganteus</i>	funil xigante	giant leucopax giant funnel
<i>Tricholoma sulphureum</i>	fol de xofre var.: fol de xufre sin.: enxofre sin.: tortullo fedorento	sulphur knight gas agaric
<i>Tricholoma colossum</i>	tortullo grande sin.: tortullo salmón sin.: cogumelo asalmonado	
<i>Tricholoma columbetta</i>	tortullo branco	blue spot knight
<i>Tricholoma equestre</i>	tortullo amarelo sin.: tortullo dos cabaleiros sin.: cogumelo dos cabaleiros	yellow knight
<i>Tricholoma eucalypticum</i> (= <i>Lyophyllum eucalypticum</i>)	tortullo dos eucaliptos	
<i>Tricholoma eucalypticum</i> var. <i>alboflavescens</i>	tortullo dos eucaliptos branco	
<i>Tricholoma orirubens</i>	tortullo xaspeado	blushing tricholoma
<i>Tricholoma saponaceum</i>	tortullo xabón	soap-scented toadstool soapy knight soap tricholoma

<i>Tricholoma sejunctum</i>	tortullo dourado	yellow blusher
<i>Tricholoma viridifucatum</i>	tortullo dos érbedos	
<i>Tricholomopsis rutilans</i>	tortullo da madeira	red-haired agaric plums and custard
<i>Tricholoma terreum</i>	pel de rato	grey agaric grey knight
<i>Tricholoma portentosum</i>	pel de rato grande	charbonnier sooty head

Familia: Psatireláceas (Psathyrellaceae) : cogumelo chorón		
<i>Lacrymaria lacrymabunda</i> (= <i>Psathyrella lacrymabunda</i>)	cogumelo chorón	

Familia: Liofiláceas (Lyophyllaceae) : tortullo apiñado, cogumelo das netorras, cogumelo de san Xorxe		
<i>Lyophyllum aggregatum</i> (= <i>Lyophyllum decastes</i>)	tortullo apiñado	clustered domecap
<i>Asterophora parasitica</i> (= <i>Nyctalis parasitica</i>)	cogumelo das netorras	parasitic asterophora russula parasite
<i>Calocybe gambosa</i>	cogumelo de san Xorxe sin.: cogumelo de san Xurxo	St. George's mushroom

Familia: Agaricáceas (Agaricaceae) : agáricos, bólas de neve, champiñóns, choupíns, cogordón, cogordo, roquiño, cabeludo, falso cabeludo, pega, puchos		
<i>Agaricus</i> spp. <i>Chlorophyllum</i> spp.	agáricos	agarics
<i>Agaricus arvensis</i>	bóla de neve (ou bóla de neve común) sin.: folerpa común	horse mushroom
<i>Agaricus silvicola</i>	bóla de neve anisada sin.: champiñón fiúncho sin.: folerpa anisada	wood mushroom wood agaric
<i>Agaricus xanthoderma</i>	bóla de neve cheirenta sin.: champiñón cheirento sin.: folerpa cheirenta	yellow stainer yellow foot

<i>Agaricus augustus</i> (= <i>Agaricus perrarus</i>)	champiñón xigante	the prince
<i>Agaricus bisporus</i>	champiñón sin.: champiñón cultivado	cultivated mushroom white button mushroom common mushroom
<i>Agaricus bitorquis</i> (= <i>Agaricus campestris bitorquis</i>)	champiñón de duplo anel sin.: cogumelo das rapadoiras	dense white mushroom pavement mushroom
<i>Agaricus campestris</i>	champiñón bravo sin.: fungo dos lameiros sin.: cacavaina	field mushroom meadow mushroom
<i>Agaricus devoniensis</i>	champiñón das areas	
<i>Agaricus freirei</i>	champiñón de Freire	
<i>Agaricus haemorrhoidarius</i>	champiñón sangue	bleeding agaric bloody agaric
<i>Agaricus silvaticus</i>	champiñón dos bosques sin.: fungo das fibras	blushing wood mushroom red-staining mushroom
<i>Lepiota clypeolaria</i>	choupín de pé escamoso	shield dapperling shaggy-stalked lepiota
<i>Lepiota cristata</i>	choupín fedorento	chestnut dapperling
<i>Lepiota ignivolvata</i>	choupín de montaña	orange-girdled parasol
<i>Leucoagaricus leucothites</i> (= <i>Leucoagaricus pudicus</i>)	choupín branco sin.: campocha	white dapperling
<i>Macrolepiota gracilentia</i> (= <i>Lepiota gracilentia</i>)	choupín lampizo	
<i>Macrolepiota konradii</i>	choupín de Konrad sin.: cachote	Konrad's parasol
<i>Macrolepiota mastoidea</i>	cogordo sin.: pucho do sapo	slender parasol
<i>Macrolepiota procera</i>	cogordón sin.: cerrota (ou cerrote) sin.: patamela sin.: roco sin.: frade sin.: monxo sin.: toupela sin.: chouparro sin.: cogordo	parasol parasol mushroom
<i>Macrolepiota excoriata</i>	calaza sin.: cerrota pequena (ou cerrote pequeno) sin.: cachote	
<i>Chlorophyllum rhacodes</i> (= <i>Macrolepiota rhacodes</i>)	roquiño sin.: choupín torgallo	shaggy parasol large grey agaric

<i>Coprinus comatus</i>	cabeludo sin.: piocán sin.: pucho das meigas	shaggy inkcap wig lawyer's wig
<i>Coprinus atramentarius</i> (= <i>Coprinopsis atramentaria</i>)	falso cabeludo sin.: cabeludo falso	inky cap common inky cap
<i>Coprinus picaceus</i> (= <i>Coprinopsis picacea</i>)	pega sin.: pucho de pega	magpie inkcap
<i>Coprinus disseminatus</i>	pucho da madeira	fairy inkcap trooping crumble cap
<i>Coprinus domesticus</i> (= <i>Coprinellus domesticus</i>)	pucho dos pendellos	firerug inkcap
<i>Coprinus micaceus</i> (= <i>Coprinellus micaceus</i>)	pucho das cañotas	glistening inkcap
<i>Coprinus niveus</i>	pucho de neve sin.: pucho niveo	snowy inkcap
<i>Parasola plicatilis</i> (= <i>Coprinus plicatilis</i>)	pucho pregado	pleated inkcap

Familia: Bolbitiáceas (Bolbitiaceae) : esterqueiros		
<i>Panaeolus</i> spp.	esterqueiros sin.: choupins dos esterqueiros sin.: choupins dos cagallóns sin.: papamerdas	mottlegills
<i>Panaeolus cinctulus</i>	esterqueiro zonado	banded mottlegill
<i>Panaeolus semiovatus</i> var. <i>phalaenarum</i> (= <i>Panaeolus antillarum</i>)	esterqueiro común	
<i>Panaeolus semiovatus</i> var. <i>semiovatus</i>	esterqueiro de anel	shiny mottlegill egghead mottlegill
<i>Panaeolus tropicalis</i>	esterqueiro tropical	

Familia: Higroforáceas (Higrophoraceae) : carapuchiños, limagos		
<i>Higrocybe calyptriformis</i>	carapuchiño rosado	pink waxcap
<i>Higrocybe conica</i> (= <i>Higrocybe pseudoconica</i>) (= <i>Higrocybe nigrescens</i>)	carapuchiño vermello	blackening waxcap
<i>Higrocybe psittacina</i>	carapuchiño verde	parrot waxcap
<i>Higrocybe virginea</i> (= <i>Higrophorus niveus</i>) (= <i>Camarophyllus niveus</i>)	carapuchiño niveo sin.: pan de aligacha	snowy waxcap
<i>Higrophorus agathosmus</i>	limago recendente	almond woodwax
<i>Higrophorus camarophyllus</i> (= <i>Higrophorus caprinus</i>)	limago das cabras	arched woodwax
<i>Higrophorus chrysodon</i>	limago de ouro	gold flecked woodwax
<i>Higrophorus hypothejus</i>	limago dos piñeirais	herald of winter
<i>Higrophorus limacinus</i> (= <i>Higrophorus latitabundus</i>)	limago (ou limago común)	woodwax
<i>Higrophorus marzuolus</i>	limago marzal	March woodwax
<i>Higrophorus russula</i>	limago roxo	pinkmottle woodwax

Familia: Micenáceas (Mycenaceae) : antucas		
<i>Mycena galericulata</i>	antuca de madeira	common bonnet rosy-gill fairy helmet
<i>Mycena haematopus</i>	antuca de pé vermello	burgundydrop bonnet bleeding fairy helmet bleeding mycena
<i>Mycena pura</i> (= <i>Mycena ianthina</i>)	antuca pura	lilac bonnet lilac mycena
<i>Mycena sanguinolenta</i>	antuca sangue	bleeding bonnet smaller bleeding mycena
<i>Mycena seynii</i> (= <i>Mycena seymesii</i>)	antuca das piñas	

Familia: Estrofariáceas (Strophariaceae) : meniña, panasca, cogumelo dos choupos, fungo xesta, foliotas, cogumelo dos amieiros, cogumelo do carbón, nameko		
<i>Psilocybe semilanceata</i>	meniña	liberty cap magic mushroom
<i>Hypholoma fasciculare</i> (= <i>Psilocybe fascicularis</i>)	panasca	sulphur tuft
<i>Agrocybe aegerita</i> (= <i>Agrocybe cylindracea</i>)	cogumelo dos choupos sin.: cogumelo dos lamigueiros	poplar fieldcap poplar mushroom
<i>Agrocybe dura</i>	fungo xesta sin.: cogumelo xesta	bearded fieldcap
<i>Gymnopilus spectabilis</i>	foliota dos piñeiros sin.: cogumelo da risa	spectacular rustgill laughing Jim
<i>Gymnopilus penetrans</i> (= <i>Gymnopilus hybridus</i>)	foliota dos piñeiros pequena	common rustgill
<i>Pholiota alnicola</i>	cogumelo dos amieiros	
<i>Pholiota highlandensis</i> (= <i>Pholiota carbonaria</i>)	cogumelo do carbón	
<i>Pholiota nameko</i>	nameko	nameko nameko mushroom

Familia: Crepidotáceas (Crepidotaceae) : conchiñas		
<i>Crepidotus variabilis</i>	conchiña dos guizos sin.: conchiña variábel, conchiña variable sin.: roseta dos guizos	variable oysterling
<i>Crepidotus mollis</i>	conchiña mol sin.: conchiña calva	soft slipper jelly crep

Familia: Hidnanxiáceas (Hydnangiaceae) : lacarias, oviño dos eucaliptos		
<i>Laccaria</i> spp.	lacarias	deceivers
<i>Laccaria amethystina</i>	lacaria morada	amethyst deceiver
<i>Laccaria laccata</i>	lacaria lacada	the deceiver waxy laccaria
<i>Hydnangium carneum</i>	oviño dos eucaliptos	

Familia: Cortinariáceas (Cortinariaceae) : arañeiras		
<i>Cortinarius caerulescens</i>	arañeira azul	mealy bigfoot webcap
<i>Cortinarius cinnamomeus</i>	arañeira canela	cinnamon webcap
<i>Cortinarius betulinus</i>	arañeira dos bidueiros	
<i>Cortinarius orellanus</i>	arañeira da morte	fool's webcap
<i>Cortinarius trivialis</i>	arañeira de aneis mucosos	girdled bord webcap
<i>Cortinarius praestans</i>	arañeira grande sin.: pel de castaña	Goliath webcap
<i>Cortinarius violaceus</i>	arañeira violácea	violet webcap
<i>Cortinarius alboviolaceus</i>	arañeira alboviolácea	silver-violet webcap

Familia: Marasmiáceas (Marasmiaceae) : sendeirina, falsa sendeirina, antuquiñas, cogumelo vagalume, fuso dos castiñeiros		
<i>Marasmius oreades</i>	sendeirina	Scotch bonnet fairy ring champignon
<i>Marasmius cohaerens</i> (= <i>Marasmius ceratopus</i>)	falsa sendeirina	fused marasmius
<i>Marasmiellus ramealis</i> (= <i>Marasmius ramealis</i>)	antuquiña das ramas	
<i>Marasmius androsaceus</i> (= <i>Setulipes androsaceus</i>)	antuquiña pé de arame	horsehair parachute
<i>Marasmius hudsonii</i> (= <i>Marasmius pillosus</i>)	antuquiña dos acivros sin.: antuquiña dos acevos	holly parachute
<i>Marasmius rotula</i>	antuquiña de colar	pinwheel marasmius little wheel collared parachute
<i>Omphalotus olearius</i>	cogumelo vagalume	Jack O'lantern
<i>Gymnopus fusipes</i> (= <i>Collybia fusipes</i>)	fuso dos castiñeiros	spindleshank spindleshank mushroom

Familia: Amanitáceas (Amanitaceae) : amanitas (ou cacaforras), raíña, rebentabois, francesiña, ovo de pega		
<i>Amanita</i> spp.	amanitas cacaforras	amanitas
<i>Amanita ceciliae</i>	amanita dos bidueiros	snakeskin grisette strangulated amanita
<i>Amanita crocea</i>	amanita alaranxada sin.: cacaforra sen anel	saffron ringless amanita
<i>Amanita curtipes</i> (= <i>Amanita baccata</i>)	amanita de pé curto	
<i>Amanita excelsa</i>	amanita de pé grosso	grey spotted amanita
<i>Amanita gilbertii</i>	amanita de pé longo	Gilbert's limbed lepidella
<i>Amanita pantherina</i>	amanita pantera sin.: cacaforra marxa	panther cap panther mushroom
<i>Amanita porphyria</i>	amanita castaña	grey veiled amanita
<i>Amanita rubescens</i>	amanita viñosa sin.: cacaforra viñosa sin.: cogumelo do viño	blusher
<i>Amanita vaginata</i>	amanita estriada	grisette
<i>Amanita gemmata</i>	cacaforra dourada	jewelled amanita gemmed amanita jonquil amanita
<i>Amanita phalloides</i>	cacaforra da morte sin.: amanita da morte sin.: pan do demo sin.: pan da morte	death cap
<i>Amanita verna</i>	cacaforra branca sin.: anxo da morte	death angel destroying angel spring amanita fool's mushroom
<i>Amanita caesarea</i>	raíña sin.: amanita dos césares sin.: cogumelo dos césares aínda nova, sen abrir: ovo rei	Caesar's amanita Caesar's mushroom royal agaric young one, cap not open: Caesar's mushroom egg
<i>Amanita muscaria</i>	rebentabois sin.: inchabois sin.: brincabois	fly agaric
<i>Amanita citrina</i>	francesiña	citron amanita false death cap
<i>Amanita ovoidea</i>	ovo de pega sin.: amanita ovoide sin.: ovo do monte	bearded amanita European white egg

Familia: Entolomatáceas (Entolomataceae) : fariñeira, falso limago roxo, pé averdecado		
<i>Clitopilus prunulus</i> (= <i>Clitopilus orcella</i>)	fariñeira	the miller sweetbread mushroom plum agaric
<i>Entoloma sinuatum</i> (= <i>Entoloma lividum</i>)	falso limago roxo sin.: limago roxo falso	livid pinkgill lead poisoner
<i>Entoloma incanum</i>	pé averdecado	mousepee pinkgill

Familia: Fisalacriáceas (Physalacriaceae) : fungo do mel		
<i>Armillaria mellea</i>	fungo do mel sin.: palote da madeira	honey fungus

Familia: Fistulináceas (Fistulinaceae) : fígado de boi		
<i>Fistulina hepatica</i>	fígado de boi	beefsteak fungus ox tongue

Familia: Pluteáceas (Pluteaceae) : cerviña, chapeus de cervo		
<i>Pluteus cervinus</i> (= <i>Pluteus atricapillus</i>)	cerviña sin.: chapeu de cervo (ou chapeu de cervo común)	deer shield deer mushroom fawn mushroom
<i>Pluteus atomarginatus</i> (= <i>Pluteus tricuspidatus</i>)	chapeu de cervo dos piñeiros	
<i>Pluteus petasatus</i> (= <i>Pluteus patricius</i>)	chapeu de cervo branco	

Familia: Pleurotáceas (Pleurotaceae) : pleurotos (ou ostras)		
<i>Pleurotus</i> spp.	pleurotos sin.: ostras	oysters abalones tree mushrooms
<i>Pleurotus citrinopileatus</i>	ostra amarela sin.: pleuroto amarelo	golden oyster mushroom
<i>Pleurotus cornucopiae</i>	ostra lixada sin.: pleuroto lixado	branched oyster mushroom branching oyster
<i>Pleurotus ostreatus</i>	ostra (ou ostra común) sin.: cogumelo ostra	oyster mushroom
<i>Pleurotus eryngii</i>	cogumelo do cardo sin.: pleuroto do cardo	king oyster mushroom king trumpet mushroom
<i>Pleurotus djamor</i>	pleuroto rosa	pink oyster mushroom

Familia: Licoperdáceas (Lycoperdaceae) : peidos de lobo, bomba, ovos		
<i>Lycoperdon</i> spp.	peidos de lobo sin.: bufos de lobo sin.: bufos de raposo sin.: peidos de vella sin.: bufos de vella sin.: botafumeiros sin.: fungos do sapo sin.: fungóns do sapo	puffballs
<i>Lycoperdon echinatum</i>	peido de lobo espiñento	spiny puffball
<i>Lycoperdon molle</i>	peido de lobo mol sin.: fungo dos menciñeiros	soft puffball
<i>Lycoperdon perlatum</i>	peido de lobo perlado sin.: fungato	common puffball gem-studded puffball
<i>Lycoperdon pyriforme</i>	peido de lobo piriforme	stump puffball pear-shaped puffball
<i>Langermannia gigantea</i> (= <i>Calvatia gigantea</i>) (= <i>Lycoperdon giganteum</i>)	bomba (ou bomba común) sin.: peido de lobo xigante	giant puffball
<i>Bovista nigrescens</i> (= <i>Lycoperdon nigrescens</i>)	ovo negral	dusky puffball
<i>Lycoperdon depressum</i> (= <i>Vascellum pratense</i>) (= <i>Lycoperdon pratense</i>)	ovo dos prados sin.: fungueiro	meadow puffball

Familia: Nidulariáceas (Nidulariaceae) : niñais		
<i>Crucibulum laeve</i> (= <i>Crucibulum vulgare</i>)	niñal amarelo sin.: oveiro sin.: escriño	common bird's nest
<i>Cyathus olla</i>	niñal común sin.: dedaleira	field bird's nest
<i>Cyathus striatus</i>	niñal estriado	fluted bird's nest

Familia: Bankeráceas (Bankeraceae) : linguas		
<i>Hydnellum ferrugineum</i>	lingua fibrosa	mealy tooth
<i>Hydnellum peckii</i>	lingua sanguinolenta	strawberries and cream bleeding hydnellum bleeding tooth fungus red-juice tooth Devil's tooth
<i>Phellodon niger</i> (= <i>Calodon nigrum</i>)	lingua negra	black tooth
<i>Sarcodon glaucopus</i>	lingua de pé amarelo	greenfoot tooth
<i>Sarcodon imbricatus</i> (= <i>Hydnum imbricatum</i>)	lingua moura	shingled hedgehog scaly hedgehog
<i>Sarcodon leucopus</i> (= <i>Sarcodon colosseum</i>) (= <i>Hydnum colosseum</i>)	lingua xigante	
<i>Sarcodon scabrosus</i>	lingua amarga	bitter tooth

Orde: **Rusulais** (Russulales)

Familia: Rusuláceas (Russulaceae) : netorras, leitaregos, carneira, falsa carneira, fungo da muña, falso fungo da muña, pimenteiros		
<i>Russula</i> spp.	netorras	brittle-gills russulas
<i>Russula adusta</i>	netorra chamuscada	winecork brittle-gill
<i>Russula albonigra</i>	netorra branca e negra	
<i>Russula aurata</i>	netorra raíña	gilded brittle-gill
<i>Russula betularum</i>	netorra dos bidueiros	birch brittle-gill
<i>Russula caerulea</i>	netorra umbonada	humpback brittle-gill
<i>Russula cyanoxantha</i>	netorra das carballeiras sin.: netorra abelá	charcoal brittle-gill charcoal burner
<i>Russula delicata</i>	netorra dos soutos	milk white brittle-gill
<i>Russula emetica</i>	netorra emética	sickener emetic russula
<i>Russula fellea</i>	netorra fel	geranium-scented russula bitter russula
<i>Russula foetens</i>	netorra fedorenta	stinking brittle-gill stinking russula
<i>Russula fragrans</i>	netorra cheirosa sin.: netorra con cheiro a loureiro real	
<i>Russula fragilis</i>	netorra fráxil	fragile brittle-gill
<i>Russula nigricans</i>	netorra negra	blackening brittle-gill blackening russula
<i>Russula ochroleuca</i>	netorra amarela	common yellow russula blackening brittle-gill
<i>Russula sanguinaria</i> (= <i>Russula sanguinea</i>)	netorra sangue	bloody brittle-gill
<i>Russula sardonia</i> (= <i>Russula drimea</i>)	netorra picante	primrose brittle-gill
<i>Russula turci</i>	netorra acelme	
<i>Russula virescens</i>	netorra verde sin.: netorra dos cregos	greencracked brittle-gill greencracked russula green brittle-gill

<i>Lactarius</i> spp.	leitaregos sin.: leiteiros	milkcaps
<i>Lactarius camphoratus</i>	leitarego canforado	curry milkcap curry scented milkcap
<i>Lactarius cistophilus</i>	leitarego das estevas	
<i>Lactarius controversus</i>	leitarego dos choupos	
<i>Lactarius fuliginosus</i>	leitarego fulixinoso	sooty milkcap
<i>Lactarius pallidus</i>	leitarego pálido	pale milkcap
<i>Lactarius pubescens</i> (= <i>Lactarius blumi</i>)	leitarego peludo	downy milkcap
<i>Lactarius rufus</i>	leitarego rufo sin.: leitarego roxo	rufous milkcap red hot milkcap
<i>Lactarius subdulcis</i>	leitarego das faias	mild milkcap beech milkcap
<i>Lactarius turpis</i> (= <i>Lactarius necator</i>) (= <i>Lactarius plumbeus</i>)	leitarego plúmbeo	ugly milkcap
<i>Lactarius volemus</i>	leitarego alaranxado	weeping milkcap tawny milkcap
<i>Lactarius sanguifluus</i>	carneira	bloody milkcap
<i>Lactarius torminosus</i>	falsa carneira sin.: carneira falsa	woolly milkcap
<i>Lactarius deliciosus</i>	fungo da muña sin.: fungo dos piñeiros	saffron milkcap red pine mushroom
<i>Lactarius chrysorrheus</i> (= <i>Lactarius caprinus</i>)	falso fungo da muña sin.: fungo da muña falso	yellowdrop milkcap
<i>Lactarius piperatus</i>	pimenteiro (ou pimenteiro común)	peppery milkcap
<i>Lactarius vellereus</i>	pimenteiro aveludado sin.: leitarego aveludado	fleecy milkcap

Familia: Hericiáceas (Hericiaceae) : ourizo da madeira		
<i>Hericium erinaceum</i>	ourizo da madeira	bearded tooth lion's mane mushroom

Familia: Albatreláceas (Albatrellaceae) : pezuño		
<i>Scutigera pes-caprae</i>	pezuño	goat's foot

Orde: Cantarelais (Cantharellales)

Familia: Cantareláceas (Cantharellaceae) : cantarelas, trompetas		
<i>Cantharellus cibarius</i> (= <i>Cantharellus edulis</i>)	cantarela (ou cantarela común) sin.: pan de cabra sin.: cacafina sin.: crista de galo	chanterelle girolle
<i>Cantharellus cinereus</i>	cantarela cincenta	ashen chanterelle
<i>Cantharellus lutescens</i>	trompeta dourada sin.: trompeta amarela	golden chanterelle
<i>Craterellus cornucopioides</i>	trompeta dos mortos sin.: cantarela moura	horn of plenty black chanterelle black trumpet
<i>Craterellus tubaeformis</i> (= <i>Cantharellus tubaeformis</i>) (= <i>Cantharellus infundibuliformis</i>)	trompeta pregada	yellowfoot winter mushroom

Familia: Clavulináceas (Clavulinaceae) : ciros		
<i>Clavulina cinerea</i>	ciro cinzo	gray coral fungus
<i>Clavulina rugosa</i> (= <i>Clavaria rugosa</i>)	ciro rugoso	wrinkled coral fungus winter mushroom
<i>Clavulina coralloides</i> (= <i>Clavulina cristata</i>)	ciro cristado	white coral fungus crested coral fungus

Familia: Hidnáceas (Hydnaceae) : linguas de vaca		
<i>Hydnum repandum</i>	lingua de vaca (ou lingua de vaca común)	wood hedgehog sweet tooth
<i>Hydnum rufescens</i>	lingua de vaca vermellusca sin.: lingua de ovella	terracotta hedgehog

Orde: Poliporais (Polyporales)

Familia: Poliporáceas (Polyporaceae) : caripocha, alborelles, carne de pita, coiracho, políporos, pé de cabra		
<i>Fomes fomentarius</i>	caripocha sin.: esca	tinder bracket tinder fungus hoof fungus
<i>Trametes hirsuta</i>	alborelle peludo	hairy bracket
<i>Trametes gibbosa</i>	alborelle branco	lumpy bracket
<i>Trametes versicolor</i>	alborelle versicolor sin.: alborelle de cores	turkey tail
<i>Laetiporus sulphureus</i>	carne de pita	chicken of the woods
<i>Panus rudis</i>	coiracho sin.: chapeu de pana	
<i>Polyporus</i> spp.	políporos	polypores
<i>Polyporus squamosus</i>	pé de cabra sin.: políporo escamoso	dryad's saddle pheasant's black mushroom

Familia: Ganodermatáceas (Ganodermataceae) : paipa, carrochas		
<i>Ganoderma lucidum</i>	paipa sin.: rei-xi	lacquered bracket
<i>Ganoderma adspersum</i> (= <i>Ganoderma australe</i>)	carrocha (ou carrocha común)	southern bracket
<i>Ganoderma applanatum</i> (= <i>Ganoderma lipsiense</i>)	carrocha dos piñeiros	artist's bracket artist's conk

Familia: Meripiláceas (Meripilaceae) : mai-take, caripocha xigante		
<i>Grifola frondosa</i> (= <i>Polyporus frondosus</i>)	mai-take sin.: políporo frondoso	maitake hen of the woods ram's head polypore mushroom
<i>Meripilus giganteus</i>	caripocha xigante	giant polypore black-staining polypore

Familia: Esparasidáceas (Sparassidaceae) : couveflor do monte		
<i>Sparassis crispa</i>	couveflor do monte	wood cauliflower

Familia: Fomitopsidáceas (Fomitopsidaceae) : carrocha dos bidueiros, fungo labirinto		
<i>Piptoporus betulinus</i>	carrocha dos bidueiros sin.: isca dos bidueiros	birch polypore razorstrop fungus
<i>Daedalea quercina</i> (= <i>Trametes quercina</i>)	fungo labirinto	oak mazezill maze-gill fungus

Orde: [Himenoquetais \(Hymenochaetales\)](#)

Familia: Himenoquetáceas (Hymenochaetaceae) : iscas, cancros		
<i>Phellinus nigricans</i>	isca das carballeiras	
<i>Phellinus torulosus</i> (= <i>Fuscoporia torulosa</i>)	isca ondulada	
<i>Porodaedalea pini</i> (= <i>Phellinus pini</i>)	isca dos piñeiros	red ring rot white speck
<i>Inonotus dryadeus</i>	cancro dos carballos	oak bracket warted oak polypore weeping polypore weeping conk
<i>Inonotus hispidus</i>	cancro das maceiras sin.: cancro das mazairas, cancro das mazanceiras	shaggy bracket
<i>Inonotus tamaricis</i> (= <i>Polyporus tamaricis</i>)	cancro das tamargueiras	

Orde: **Falais** (Phallales)

Familia: Faláceas (Phallaceae) : carallán, carallete, carallos, ovo das meigas		
<i>Phallus impudicus</i>	carallán sin.: carallo do demo	stinkhorn
<i>Mutinus caninus</i> (= <i>Phallus caninus</i>)	carallete sin.: carallo de can	dog stinkhorn
<i>Phallus hadriani</i>	carallo de ovo rosa	dune stinkhorn sand stinkhorn
<i>Phallus ravenelii</i>	carallo de Ravenel	Ravenel's stinkhorn common stinkhorn
<i>Clathrus ruber</i>	ovo das meigas	red cage lattice stinkhorn

Orde: **Gonfais** (Gomphales)

Familia: Gonfáceas (Gomphaceae) : clavarias, galludiñas		
<i>Clavaria</i> spp.	clavarias	clavarias coral fungi
<i>Ramaria</i> spp.	galludiñas	clavarias coral fungi
<i>Ramaria aurea</i>	galludiña dourada	goat's beard mushroom
<i>Ramaria botrytis</i>	galludiña couveflor	rosso coral
<i>Ramaria formosa</i> (= <i>Clavaria formosa</i>)	galludiña fermosa	handsome clavaria beautiful clavaria pink coral

Orde: **Xeastrais** (Geastrales)

Familia: Xeastráceas (Geastraceae) : estrelas		
<i>Astraeus hygrometricus</i>	estrela nubeira	higroscopic earthstar
<i>Geastrum campestre</i>	estrela campestre	
<i>Geastrum rufescens</i> (= <i>Geastrum vulgatum</i>)	estrela (ou estrela común)	rosy earthstar
<i>Geastrum schmidelii</i> (= <i>Geastrum nanum</i>)	estrela sanicouca	
<i>Geastrum triplex</i>	estrela babeiro sin.: estrela de tres capas	collared earthstar

Orde: **Auriculariais** (Auriculariales)

Familia: Auriculariáceas (Auriculariaceae) : orella de Xudas		
<i>Auricularia auricula-judae</i>	orella de Xudas	wood ear jelly ear
<i>Auricularia mesenterica</i>	baxola	tripe fungus

Clase: **Exobasidiomicetes** (ou Exobasidiomicetos) (Exobasidiomycetes)

Orde: **Exobasidiais** (Exobasidiales)

Familia: Exobasidiáceas (Exobasidiaceae) : cogumelo dos loureiros		
<i>Laurobasidium lauri</i>	cogumelo dos loureiros	wood hedgehog sweet tooth

Reino: (incerto)

Sen taxon: Amebozoos (Amoebozoa)

Clase: Mixogastros (Myxogastria)

Orde: Liceais (Liceales)

Familia: Tubiferáceas (Tubiferaceae) : verrugenta		
<i>Lycogala epidendrum</i>	verrugenta	wolf's milk groening's slime

Referencias bibliográficas

Alonso Estravís, Isaac (2018): *Dicionário Eletrónico Estraviz*.

<http://www.estraviz.org/>

British Mycological Society. (2013): *English names for fungi 2013*. Londres: Collins.

<http://www.britmycolsoc.org.uk/library/english-names/>

Buczacki, Stefan. (2012): *Collins Fungi Guide*. Londres: Collins.

Butor, Igor / Bárbara Sapere. *Arte y ciencia del buen comer. Diccionario gastronómico*.

http://www.delbuencomer.com.ar/index_archivos/diccionario_gastronomico_h4.htm

Cabré, M. Teresa (dir.) / Rosa Estopá (coord.) (2004): *Metodología del trabajo en neología: criterios, materiales y procesos*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra / IULA.

Carballeira Anllo, Xosé María *et al.* (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua galega*, 2 vols. Vigo: Xerais.

Castro Cerceda, Marisa (2000): *Guía dos cogomelos comúns de Galicia*. Vigo: Xerais.

Castro Cerceda, Marisa *et al.* (2005): *Guía micolóxica dos ecosistemas galegos*. A Coruña: Baía.

Castro, Marisa / Francisco Xavier Martins (2006): "Uso medicinal dos cogomelos", *Recursos rurais. Serie cursos* 3, 37-40. IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural).

Castro Cerceda, Marisa (2009²): *Cogomelos de Galicia e norte de Portugal*. Vigo: Xerais.

Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2005): *Manlleus i calcs lingüístics en terminologia*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERMCAT.

Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2012): *Difusió i ús dels termes*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERMCAT.

Courtecuisse, Régis / Bernard Duhem. (2005): *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y norte de África*. Barcelona: Omega.

Daviña Facal, Luís (1993): *Problemas do léxico científico. Algunhas propostas de solucións*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Daviña Facal, Luís (1999): *Lingua e ciencia*. Vigo: Xerais.

Daviña Facal, Luís (2000): "O problema da adaptación ó galego de cultismos científicos de orixe grega e latina", *Viceversa*, 6, 113-129.

García González, Constantino (1985): "Glosario das voces galegas de hoxe", *Verba*, anexo 27.

García González, Constantino / Antón L. Santamarina Fernández (dirs.), Francisco Fernández Rei (coord.) (2016): *Atlas lingüístico galego. Volume VI: Léxico. Terra, plantas e árbores*. Santiago de Compostela: Fundación Barrié / Servizo de Publicacións da USC.

Garrido, Carlos / Carles Riera (2011²): *Manual de galego científico*. Santiago de Compostela: Através Editora.

Gerhardt, Ewald / Jordi Vila / Xavier Llimona. (2000): *Hongos de España y de Europa*. Barcelona: Omega.

Lago Mestre, Xabier (2011): "Relación de setas y cogumelos de El Bierzo", *O Bierzo ceibe*.
<http://obierzoceibe.blogspot.com.es/2011/11/relacion-de-setas-y-cogumelos-do-bierzo.html>

Marcote Castro, José Manuel / Manuel Pose Carracedo / José María Traba Velay. (2008²): *Cogomelos de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Pena Romay, Xosé Antonio *et al.* (2004): *Gran dicionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Do Cumio.

Real Academia Galega (2018): *Dicionario da Real Academia Galega*.
<http://academia.gal/dicionario#inicio.do>

Rigueiro Rodríguez, Antonio (2006): "Cogomelos comestibles en Galicia", *Recursos rurais. Serie cursos 3*, 1-11. IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural).

Rodríguez Fernández, A. (2006): "O cultivo de cogomelos en Galicia", *Recursos rurais. Serie cursos 3*, 45-50. IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural).

Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Río, Xusto A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Ruíz Leivas, Cristovo / Juan A. Eiroa García-Garabal (2002): "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos", *Cadernos de Fraseoloxía Galega 4*, 363-379.

Santamarina Fernández, Antón L. (coord.) (2018): *Dicionario de dicionarios*.
<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>

Silvar, Carlos / Marisa Castro / Víctor Manuel López Román. (2006): *Cogumelos de Galiza*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

TERMCAT (1990): *Formació de termes amb elements cultes*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.

Universitat Politècnica de València. (2010): *Vocabulari forestal. Català, castellà, anglès, francès*. Castelló: Xarxa Vives d'Universitats.
<http://www.upv.es/upl/U0552821.pdf>

VV. AA. (1999): *Enciclopedia galega universal*. Vigo: Ir Indo Edicións.

A Chave

GALEGO, LINGUA DE CALIDADE

www.achave.gal